

IES “NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES”
DEPARTAMENTO DE MÚSICA
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
ADDENDA ÁS PROGRAMACIÓNS 21/22

A) INSTRUMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:

A1) Para o alumnado con avaliacións pendentes unha vez realizada a terceira avaliación parcial, estableceranse probas específicas encamiñadas a posibilitar a recuperación daqueles contidos aínda non superados.

Ditas probas terán un carácter variado, e serán deseñadas tendo en conta as particularidades e dificultades específicas de cada alumna/-o, sobradamente coñecidas ao longo de todo un curso de traballo conxunto.

Poden consistir en probas escritas (cuestionarios tipo test, preguntas curtas, de desenvolvemento...), probas orais, ou na elaboración de traballos sobre aspectos concretos da materia. No caso de contidos de carácter práctico as probas consistirán en exercicios de interpretación instrumental ou vocal de pezas traballadas ao longo do curso, exercicios de lectura rítmica ou melódica, ou aqueloutros relacionados cos aspectos da materia non superados.

As probas realizaranse de xeito específico sobre contidos relacionados con avaliacións parciais non superadas, e dentro delas sobre os aspectos concretos pendentes (salvando polo tanto aquelas partes nas que se tivese obtido xa unha cualificación positiva).

A2) Para o alumnado coas tres avaliacións parciais superadas estableceranse actividades de ampliación e afondamento relacionadas con aqueles contidos da materia que non chegaran a ser tratados ao longo do curso coa suficiente profundidade.

Esas actividades plasmaranse na elaboración de traballos de investigación sobre os temas propostos.

B) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os criterios de cualificación aplicables ás probas realizadas durante este período de recuperación son os establecidos con carácter xeral na programación de cada un dos cursos.

C) INTEGRACIÓN ENTRE AS CUALIFICACIÓNS DO PERÍODO DE RECUPERACIÓN E DO PERÍODO ORDINARIO:

C1) As cualificacións das probas realizadas durante o período de recuperación substituirán ás obtidas durante o período ordinario naqueles mesmos ámbitos, apartados ou bloques de contido nos que estas se integraban.

Unha vez feita esa substitución aplicaranse de novo os criterios xerais para a obtención da cualificación final.

C2) No caso do alumnado con tódalas avaliacións parciais superadas, o traballo realizado no período de recuperación poderá incrementar nun máximo dun punto a cualificación que correspondería ao período ordinario.

En atención ás dificultades de compatibilizar as actividades de ampliación coas actividades de recuperación durante o período que segue ao remate da 3ª avaliación parcial, na cualificación do traballo deste alumnado prestarase especial atención ao plano actitudinal, que debe permitir o traballo e o aproveitamento dos seus compañeiros e compañeiras.

Lugo, 28 de marzo de 2022